

# ***PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS XERAIS DO APROVEITAMENTO MADEIREIRO***

**PROPIEDAD**

VARIAS PROPIEDADES NO LUGAR DE MADELOS (FRIOL)

**CÓDIGO LOTE:** 20231025



## ÍNDICE

<b>PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS XERAIS DE APROVEITAMENTO MADEIREIRO .....</b>	<b>1</b>
<b>ÁMBITO DO PREGO .....</b>	<b>1</b>
<b>PRAZO DE EXECUCIÓN.....</b>	<b>1</b>
<b>TIPOLOXÍA DO APROVEITAMENTO.....</b>	<b>1</b>
<b>SISTEMA DE CONTROL - SEGUIMENTO .....</b>	<b>1</b>
<b>EXECUCIÓN DO APROVEITAMENTO .....</b>	<b>3</b>
<b>DESEMBOSQUE E SACA DOS PRODUTOS.....</b>	<b>4</b>
<b>RESTOS DE CORTA .....</b>	<b>4</b>
<b>OUTRAS CONDICIONANTES DA EXECUCIÓN.....</b>	<b>5</b>
<b>PREVENCIÓN DE INCENDIOS.....</b>	<b>5</b>
<b>CURSOS DE AUGA.....</b>	<b>6</b>
<b>ESTRADAS.....</b>	<b>7</b>
<b>ESPAZOS NATURAIS.....</b>	<b>7</b>
<b>MAQUINARIA .....</b>	<b>8</b>
<b>PROHIBICIÓN EXPRESAS .....</b>	<b>8</b>
<b>XESTIÓN DE RESIDUOS .....</b>	<b>9</b>
<b>SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL .....</b>	<b>9</b>
<b>INCUMPRIMENTOS E PENALIZACIÓNS .....</b>	<b>9</b>
<b>RESOLUCIÓN DO CONTRATO.....</b>	<b>9</b>
<b>PROTECCIÓN DE DATOS .....</b>	<b>10</b>

## PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS XERAIS DE APROVEITAMENTO MADEIREIRO

### ÁMBITO DO PREGO

O presente Prego rexerá na execución do aproveitamento de madeira comercial.

A elaboración deste Prego faise en base a referencias de diferente normativa enfocada a dar cumprimento da lexislación vixente en materia de montes, de prevención e defensa contra incendios forestais, conservación da natureza, elementos de interese cultural, seguridade e saúde no traballo e de calquera outra lexislación concorrente en materia sectorial.

Todo o non recollido expresamente polo presente Prego, cumprirase o disposto na diferente normativa vixente de aplicación e concretamente o contido no texto consolidado da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG Num. 140 do 23-07-2012)*, así como no *DECRETO 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia*.

No caso de **condicionantes técnicos particulares**, estes serán achegados coa documentación propia do lote elaborado polo técnico responsable do mesmo, no que ademais se definirán na **Descrición das Características do Aproveitamento Madeireiro**.

### PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución estará determinado nas **Características do Aproveitamento Madeireiro e no seu defecto considerarase dun ano a partir da data de adxudicación**.

O Adxudicatario queda en liberdade para realizar as diferentes operacións na época que máis lle conveña aos seus intereses pero sempre dentro do prazo fixado para realizar o aproveitamento e tendo en conta as características edafoclimáticas que eviten danos no monte e nas pistas de saca, salvo que se especifiquen outros condicionantes no prego de condicións particulares.

Rematado o prazo para a execución do aproveitamento madeireiro, o Adxudicatario perderá o dereito a indemnización algunha, non podendo extraer os produtos non aproveitados ou non extraídos do monte e de selo caso, terá que aboar os importes dos danos e prexuízos causados.

O adxudicatario poderá solicitar **prórrogas** para causas xustificadas e terán que ser aprobadas pola propiedade, para elo o adxudicatario debe remitir a solicitude facendo a exposición de motivos.

### TIPOLOXÍA DO APROVEITAMENTO

O aproveitamento será da madeira en pé con casca, polo que todas as operacións de derribo, arrastre, saca, etc. serán por conta do Adxudicatario, o cal se responsabilizará da correcta execución das mesmas.

### SISTEMA DE CONTROL - SEGUIMENTO

O Adxudicatario será responsable, durante a execución das obras, de todos os danos e prexuízos, directos e indirectos que se poidan ocasionar a calquera persoa, propiedade ou servizo público ou privado, como consecuencia dos actos, omisións ou negligencias do persoal ao seu cargo ou dunha deficiente organización das obras.

Para garantir a correcta execución, e sempre e cando o propietario así o solicite, e se faga constar no contrato, levarase a cabo o **seguimento de execución do aproveitamento forestal**. Unha vez se asine o contrato de adxudicación, a plataforma dispón dun espazo que permite implementar por parte do técnico os datos de *Seguimento e Control do aproveitamento, na que se deixará constancia das fases de aproveitamento así como das incidencias acaecidas en relación á execución do aproveitamento, labores de control documental,*

replanteo, e comprobación final da correcta realización dos traballos contratados, así como, a comunicación final da cantidade de madeira extraída.

Neste espazo de Seguimento o adxudicatario terá dispoñible tódolos documentos xerados así como as autorizacións solicitadas e o prazo de execución para cada unha delas, ademais recibirá notificacións automáticas de finalización de prazos das diferentes autorizacións e contrato. Neste espazo o adxudicatario tamén terá a opción de solicitar a prórroga do contrato de forma sinxela.

Así mesmo ao Adxudicatario, poderá solicitárselle a documentación acreditativa do cumprimento das obrigacións con respecto á lexislación laboral e riscos laborais, documentación legal de conformidade da maquinaria a utilizar (cando corresponda, a marcaxe CE ou a ITV) e seguro de responsabilidade civil.

No caso de accidente laboral durante a execución do aproveitamento, o Adxudicatario deberá informar de dito suceso ao persoal técnico e/ou á propiedade.

O Adxudicatario estará obrigado a facilitar a inspección das labores de aproveitamento para comprobar a correcta execución do aproveitamento forestal no caso de asignarse un técnico para o seguimento. Así mesmo, participarse no estudo e resolución de problemas que poidan xurdir, propoñendo as modificacións oportunas, se fose necesario, encamiñadas a solucionarlos.

En calquera momento o persoal técnico asignado, poderá solicitar os documentos que acrediten a contratación dos operarios que se atopen traballando no aproveitamento forestal, así como a comprobación do estado e homologación da maquinaria non prevista ao inicio da obra.

Para o control de execución das obras establecerase o programa de probas en concordancia coas condicións establecidas na descrición dos procesos operativos correspondentes recolleitos no presente Prego. O Persoal técnico asignado, poderá efectualas no momento e coa frecuencia que crea oportuno podendo, de igual forma, levar a cabo calquera outra comprobación que estime necesaria para verificar a correcta execución dos traballos. Enuméranse a continuación algúns dos aspectos básicos do control:

- As características dos medios e maquinaria empregada.
- A altura dos tocos (en xeral, menor de 10 cm).
- O tratamento dos restos existentes na zona de corta, no caso de incluílo no contrato.
- Estado da vexetación, tanto dos pés a reservar (residuais) na zona de aproveitamento como da existente en áreas adxacentes.
- Estado das infraestruturas en xeral (canalizacións, peches, depósitos, etc.), e en particular as de acceso empregadas, no que se poderá realizar un inventario do estado inicial das mesmas.
- Cumprimento de prazos de extracción dos produtos unha vez cortados.
- No caso de venda a resultas establecerase un control específico para o control da entrada e saída de camións do monte.

Os datos de cubicación incorporados nas características do aproveitamento e/ou documentación anexa, son estimacións, e en todo caso **non poderá ser tomados polo licitador como cousa certa** para condicionar a presentación da oferta. Cada licitador deberá realizar as medicións que considere oportunas para valorar o lote e ofertar en consecuencia.

No caso de lotes a resultas establecerase un protocolo de control da saída da madeira do monte á fábrica, o cal quedará fixado no contrato de aproveitamento.

O Adxudicatario comprométese, igualmente, a ceder os datos relativos ás toneladas de madeira totais identificando os produtos extraídos (rolla, puntal, ...).

### EXECUCIÓN DO APROVEITAMENTO

Non se poderá comezar o aproveitamento da madeira ata que se asine o contrato entre a propiedade e a empresa adxudicataria, se efectúen os pagos establecidos no prego de condicións económicas e se contén coas autorizacións pertinentes.

No caso de aproveitamentos de cortas de rexeneración a realizar farase de tal xeito que se derriben todos os pés comerciais e non comerciais incluídos na superficie obxecto de adxudicación e que estean expresamente dentro da zona delimitada do aproveitamento.

Respectaranse os exemplares de frondosas autóctonas de rexeneración natural que non sexan motivo de aproveitamento, evitando danalas ao igual que o resto da masa remanente. Na medida do posible, dirixirase a corta de xeito que se minimicen os danos sobre as árbores que vaian quedar en pé. Procurarase minimizar os danos, autóctonas caducifolias cun estado de desenvolvemento a partir de latizal (pés con diámetro superior a 5 centímetros a 1,30 m. e cunha altura superior aos 3 metros).

O Adxudicatario estará obrigado ao aproveitamento dos fustes das árbores ata un diámetro en punta delgada de 5-6 centímetros para trozas dunha lonxitude mínima de 2 metros.

A altura do toco resultante da corta non superará os 10 centímetros, medidos na dirección superior da pendente do terreo. No caso de que superen en xeral esta medida, o Adxudicatario quedará obrigado a repasalos e cortalos ata que non superen dita altura. O prazo para proceder ó repaso dos tocos non excederá dun mes, dende a finalización do contrato.

O Adxudicatario adoptará o procedemento operativo que mellor respecte as condicións para minimizar ou evitar a erosión superficial.

O emprazamento dos cargadoiros que se consideren necesarios son responsabilidade do adxudicatario, e no caso de facelo fóra da zona de corta deberán contar co consentimento ou autorización da propiedade.

O Adxudicatario está obrigado a sinalizar a área de traballo, polo que é responsable da súa correcta colocación na demarcación da zona do aproveitamento, nos seus lindeiros e dos posibles puntos perigosos.

No caso de optarse polo rexenerado natural, condición que será comunicada ao Adxudicatario, evitarase extraer piña en cantidade excesiva, evitando así a redución da cantidade de semente necesaria e trituranse os restos para o seu espallamento e diseminación, velando polo éxito do rexenerado.

Racionalizaranse as vías de saca ou trochas (número e distanciamento), limitando o longo da vía ao estritamente necesario para o paso e traballo da maquinaria; aconséllase non sobrepasar os 3,5 metros de ancho. Recoméndase romper a continuidade das vías de saca a fin de reducir os danos por vento e diminuír o impacto paisaxístico. Na medida do posible, a vía de saca non coincidirá ou respectará os bosquetes de frondosas autóctonas. Minimizarase o número de ramais cegos da rede viaria forestal, evitando tramos de excesiva pendente e construíndo obras de drenaxe tecnicamente xustificadas.

Procurarase manter algunhas árbores mortas, sempre que non supoñan riscos na estabilidade do ecosistema (pragas, enfermidades ou incendios), coa finalidade de mellorar a función ecolóxica, sobre todo en cortas de gran extensión ou onde non existan zonas adxacentes con masas adultas. Estas medidas decidiranse sobre o terreo e en función do que estableza o persoal técnico asignado.

O adxudicatario, se é o caso, deberá comunicar a subcontratación dos traballos debendo establecer o contratista unha relación contractual asinada que esclareza en quen recaen as obrigas e dereitos da execución do aproveitamento que a empresa adxudicataria contraeu coa propiedade.

## DESEMBOSQUE E SACA DOS PRODUTOS

O desembosque farase preferiblemente a través da zona de corta ata o cargadoiro.

Unha vez cortada a madeira non permanecerá apeada no monte ou en cargadoiro máis de 7 días.

Para a saca e transporte dos produtos, o Adxudicatario poderá utilizar os cargadoiros, veredas, arrastradeiros e vías existentes, sen producir danos ao arborado que non sexa obxecto do aproveitamento. Se precisara reparalos ou construír outros novos, unha vez rematado o aproveitamento restaurarase ao estado orixinal agás no caso que a propiedade, propoña aproveitar o acceso aberto.

Os cargadoiros, as pistas, incluídas as cunetas e pasos de auga, deberán quedar limpos de toda clase de residuos e restos de corta. Durante o tempo que dure o aproveitamento, as pistas deberán estar transitables e cos pasos de auga e cunetas libres de residuos e restos de corta para evitar estragos nas mesmas.

Como regra xeral, evitárase a trituración de restos en pistas, agás que a propiedade o autorice expresamente. Neste caso, para permitir o paso da auga e co obxecto de que o sistema de drenaxe das pistas non se vexa afectado (calzada, cunetas, pasos de auga, taxejas, etc.), non poderán quedar restos do triturado en ditas pistas.

O Adxudicatario non poderá interromper o uso de camiños e pasos para o gando, nin opoñerse ao cruce das sendas ou camiños que a propiedade vulgue necesarios para o bo aproveitamento do monte.

Ao remate do prazo da adxudicación, o Adxudicatario deberá deixar as pistas utilizadas en boas condicións de uso a xuízo do persoal técnico asignado e/ou a propiedade, debendo restablecer as condicións físico-mecánicas anteriores ó inicio do aproveitamento no caso de resultar deterioradas polo uso da maquinaria.

Na medida do posible evitárase circular polas pistas cando estas estean asolagadas o en períodos longos de choiva.

No caso de que no uso dunha mesma pista coincidan varios adxudicatarios, fíxase a parte proporcional que poida corresponder a cadanseu nos gastos ou traballos de reparación e principalmente en función da cantidade de madeira extraída por cada parte.

## RESTOS DE CORTA

Nas características do aproveitamento especificárase a quen corresponderá realizar a xestión dos restos de corta. De forma xeral, a realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou a trituración da biomasa forestal residual, salvo que se indique nas características do lote que se executará por parte da propiedade unha vez que o adxudicatario remate o aproveitamento.

É obrigatorio triturar os restos forestais e facer o seu espallamento mediante rozadoira de cadeas ou martelos. Alternativamente, poderanse retirar os restos do monte para o aproveitamento enerxético ou compostaxe, sendo aconsellable deixar unha porcentaxe mínima dun 30 % (fraccións máis finas) co fin de non impactar no ciclo de nutrientes do solo de forma significativa.

O prazo para extraer ou triturar os restos de corta será dun mes tras rematar o aproveitamento, salvo no caso de época de alto perigo de incendios (meses de xullo, agosto e setembro) que será de 15 días tal como establece a normativa.

Os restos de corta de dimensión inferior a 5-6 centímetros de diámetro poderán deixarse, ben amoreados en cordóns distanciados non menos de 10 metros entre eles, preferentemente en curvas de nivel, ou ben, distribuílos polo monte tentando, no posible, que a súa distribución sexa homoxénea.

O persoal técnico asignado, poderá acordar exceptuar da trituración de restos as zonas que considere oportunas por dificultades de mecanización xustificadas (pendentes superiores ó 30%), por motivos ambientais, orografía ou condicións de pluviometría que supoñan risco de erosión, ou aquelas consideradas na lexislación en materia de montes (artigo 95.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de

Galicia e no Anexo II, punto 9 da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia; nestes casos será necesario facer un picado dos restos máis grosos (maior de 6 cm. en punta delgada, e que terán que estar picados a menos de 50 cm. de longo).

Non se poderá eliminar os restos do aproveitamento mediante queima, salvo en casos excepcionais, que terán que ser debidamente autorizados pola Administración.

### **OUTRAS CONDICIONANTES DA EXECUCIÓN**

A propiedade do terreo xunto co persoal técnico asignado poderá realizar estudos dendrométricos, sempre respectando as distancias de seguridade e sen que isto afecte ás tarefas propias de execución do aproveitamento forestal.

En todo momento respectarase a lexislación aplicable, especialmente no que se refire á normativa vixente de Seguridade e Saúde.

No caso de que existan dificultades de forza maior para a finalización dos traballos na data establecida no contrato, poderase establecer unha prórroga entre a propiedade e o Adxudicatario.

Unha vez adxudicado o aproveitamento forestal, e previo á formalización do contrato de compra-venda e de execución dos traballos, o Adxudicatario será o responsable da obtención dos permisos administrativos oportunos para a execución do aproveitamento e pago de taxas que correspondan, debendo remitir unha copia á propiedade ou persoal técnico asignado. No caso de que foran solicitados anteriormente pola propiedade, achegarase copia ao Adxudicatario.

Cando o lote se atope sobre superficie obxecto dalgún réxime de protección especial, o Adxudicatario deberá cumprir as consideracións do informe de autorización do organismo con competencias en materia sectorial. No caso que se xeren costes como consecuencia das actuacións a realizar para dar cumprimento ás condicións impostas polo organismo competente, estes correrán por conta do Adxudicatario.

No caso de achado de elementos singulares que puidesen entrañar algún valor histórico ou cultural efectuarase a correspondente comunicación ao persoal técnico asignado ou a propiedade para remitir a información ao organismo administrativo correspondente.

No caso de detectarse a nidificación de aves de presa, de pícidos (petos) ou de especies catalogadas, deberá paralizarse a corta por prazo necesario (días ou meses) e durante ese período non computará nos prazos para o aproveitamento, tampouco dará dereito ó adxudicatario a pedir ningún tipo de indemnización.

Cando o lote se atope en Zona Demarcada pola corentena do nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner el Buhner) Nickle et al.), deberase cumprir a normativa vixente, con especial atención á xestión dos restos.

Serán por conta do Adxudicatario os costes referentes ao aproveitamento en canto a maquinaria, materiais e ferramentas empregados, costes de construción, remoción e retirada de construcións auxiliares e instalacións provisionais, costes de limpeza e evacuación de desperdicios e lixos, ou outros relacionados co aproveitamento.

### **PREVENCIÓN DE INCENDIOS**

Adoptaranse as precaucións necesarias para evitar que se produzan incendios forestais.

É recomendable consultar o índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) e consultar as restricións. Durante a época de perigo alto, nos traballos e outras actividades que leven a cabo en todos os terreos forestais e zonas de influencia forestal é obrigatorio que os tractores, máquinas e vehículos de transporte pesados que van utilizarse estean provistos de equipamento para a extinción de incendios.

A información relativa ó IRDI pode consultarse na seguinte enderezo:

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/defensa-monte/irdi>

No caso de detectar a aparición dun incendio, deberase chamar ao teléfono **085**.

Se dito incendio se produce no monte onde se realiza o aproveitamento ou en superficie limítrofe, o persoal que realiza o aproveitamento estará obrigado a poñerse a disposición da Administración forestal se esta lle comunica que precisa da súa cooperación nos traballos de extinción e segundo as indicacións do Director de Extinción.

En cumprimento do establecido no artigo 12 de Decreto 105/2006, do 22 de xuño (DOG NÚM. 125 do 30 de xuño de 2006, se a execución das obras se realiza en épocas de alto, moi alto e risco extremo de incendios (Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais) nos montes e nas áreas rurais situadas dentro dunha franxa de 400 metros arredor das casas non se utilizará maquinaria forestal ou agrícola que poida producir chispas. No caso de ter que ser utilizada requirirase autorización tanto por parte da propiedade como da correspondente autorización da dirección xeral competente en materia forestal.

### **CURSOS DE AUGA**

Prohíbese vadear os ríos ou regatos coa maquinaria de corta e transporte, agás que se conte coa preceptiva autorización da Demarcación Hidrográfica correspondente.

O aproveitamento realizarase sen abandonar ningún tipo de material que poida resultar tóxico para as augas, a flora ou a fauna acuática e terrestre. No caso de que se trate de material non biodegradable, contaminante ou impropio do medio natural procedente da realización dos traballos (plásticos, aceites, recambios usados, etc.) deberanse retirar do monte e entregalo a un xestor autorizado ou ben depositalo en vertedoiros autorizados.

Prohíbese acumular substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) ou de degradación do seu contorno.

Prohíbese utilizar as marxes ou ribeiras dos leitos, así como a zona de servidume, como depósito de materiais, parques de maquinaria, lavados e, en xeral, todas cantas actividades supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas ou produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, agás que se conte coa autorización expresa da Demarcación Hidrográfica pertinente.

Prohíbese o depósito de restos da corta tanto no leito do curso como nas súas zonas de servidume.

Adoptaranse as medidas necesarias que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados tanto pola propia corta como polo tránsito de maquinaria necesaria para a corta e transporte, evitando a erosión e o posible arrastre de materiais que se puidesen incorporar ao leito, con especial atención a cortas de grandes superficies ou en terreos de forte pendente.

Instalaranse sistemas de retención de sedimentos ou calquera outro que garanta que non cheguen arrastres ao dominio público hidráulico. Poderase empregar para este fin o amoreamento lineal de parte dos restos de corta, en sentido contrario ao da pendente e fóra da zona de servidume.

Durante a corta, unicamente se poderá amorear temporalmente a madeira en zona de policía, fóra da zona inundable, cando non exista outro lugar para o seu amoreamento. En todo caso, non se poderá amorear madeira dunha parcela distinta á de obxecto de aproveitamento.



No caso de que se precisen executar na zona de policía vías de transporte, explanacións de vellos camiños ou calquera obra de movemento de terras, deberá solicitarse a preceptiva autorización do Organismo competente, Demarcación Hidrográfica correspondente.

Unha vez rematada a corta, procederase inmediatamente ao tratamento dos restos e á rehabilitación das zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación.

No caso de afectar algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións, deberase prever a súa reposición. Cara ao cumprimento do artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico, referido ás modificacións de concesións, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitarlles aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da concesión.

Deberanse respectar as zonas protexidas incluídas nos Catálogos dos Plans Hidrolóxicos vixentes cara á súa preservación. As anteditas zonas poden consultarse no visor de aproveitamentos da Consellaría de Medio Rural que está dispoñible no seguinte enlace: <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/>

### **ESTRADAS**

O aproveitamento madeireiro executarase cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade das disposicións vixentes e a persoa declarante ou a que realiza o aproveitamento aceptará as especiais que se poidan impor para a seguridade da estrada e do tráfico.

As árbores ou ramas deberán cortarse de xeito que caian fóra da plataforma da estrada, empregando os medios necesarios para este fin. As pólas e demais produtos da corta depositaranse fóra da calzada, nas beiravías, nas cunetas e no resto da zona de dominio público da estrada.

Non se pode ocupar a zona de dominio público para o almacenamento de materiais, salvo que exista autorización por parte do organismo administrativo competente (Estatal, Autonómico, provincial ou municipal).

O aproveitamento efectuarase sen interromper nin dificultar o tránsito polas estradas, tanto de vehículos como de peóns, e sen ocupar ningún dos seus elementos (calzada, beiravías, gabias...) con materiais, medios auxiliares, maquinaria ou vehículos.

O aproveitamento debe executarse adoptando as precaucións oportunas, para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calquera materiais á plataforma ou ás gabias da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe no aproveitamento ou ben por calquera outra causa.

Durante os traballos, establecerase a sinalización adecuada ás actividades que se van realizar, de acordo coas disposicións vixentes sobre a materia, tendo en conta que, salvo casos excepcionais debidamente autorizados, esa sinalización non deberá impor restricións que afecten á circulación pola estrada. En todo caso, o Adxudicatario está obrigado a adoptar todas cantas precaucións sexan precisas e non poderá establecer ningunha outra sinalización que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización do organismo administrativo competente. Para o cumprimento desta condición pódese consultar a Norma 8.3-IC de sinalización de obras aprobada pola Orde Ministerial do 31 de agosto de 1987: [https://www.boe.es/eli/es/o/1987/08/31/\(2\)](https://www.boe.es/eli/es/o/1987/08/31/(2))

Os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización dos traballos son responsabilidade do Adxudicatario, quedando obrigado a repor, pola súa conta, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución dos traballos, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

### **ESPAZOS NATURAIS**

Nas Zonas de Especial Conservación, se o Adxudicatario detecta a presenza na zona de actuación dalgunha especie incluída no Catálogo Español de especies exóticas invasoras (Real decreto 630/2013, do 2 de agosto,

polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras), comprométese a poñelo en coñecemento inmediato do Servizo de Conservación da Natureza.

Os aproveitamentos de eucalipto e piñeiro deberán efectuarse conforme ás especificacións incluídas no Decreto 37/2014, do 27 de marzo, e a normativa sectorial vixente, garantindo a conservación dos solos, dos compoñentes naturais e sen afectar apreciablemente ós tipos de hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE e áreas críticas das especies de interese para a conservación, así como, non afectar árbores e mouteiras senlleiras, declaradas de conformidade co Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

### **MAQUINARIA**

Será responsabilidade do Adxudicatario a correcta elección da maquinaria a empregar para lograr os obxectivos expostos no presente Prego.

O Adxudicatario adoptará as medidas necesarias para minimizar ou, de ser posible, evitar danos ao terreo causados pola maquinaria e, de selo caso, procederá á súa reparación. Ademais o Adxudicatario deberá evitar executar accións que poidan supor risco de erosión ou posibles fenómenos de inestabilidade edáfica.

A maquinaria manterase en perfecto estado de funcionamento para evitar fugas de combustible e aceite e minimizar a contaminación acústica e atmosférica, así como os medios adecuados que eviten a produción de faíscas por fricción dos seus mecanismos.

A maquinaria empregada en calquera traballo forestal debe estar en perfectas condicións mecánicas, sometidas a todas as rutinas de mantemento que estableza o fabricante. Todos os labores de mantemento, cambios de aceite e operacións similares para maquinaria pesada deberán realizarse en talleres ou noutros lugares idóneos onde sexa posible controlar a súa execución, que en todo caso serán terreos chairros nos cales se teñan establecido medidas fronte á contaminación do solo e das augas.

Na medida do posible, deberase minimizar a emisión de contaminantes atmosféricos (gases de combustión da maquinaria e dos equipos, po) e acústicos, sendo aconsellable manter en perfecto estado a maquinaria e equipos, planificar axeitadamente os tempos de transporte, circular con moderación naqueles lugares onde se xere po, respectar os límites de velocidade e posuír, cando corresponda, a marcapxe CE ou a ITV.

A maquinaria e os equipos a utilizar nas diferentes fases de execución dos traballos deberán cumprir a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais. As máquinas deberán posuír os correspondentes seguros mínimos de danos a terceiros e as respectivas certificacións relativas á súa revisión e mantemento periódicos. Así mesmo, o persoal que as utilice contará coas acreditacións necesarias.

### **PROHIBICIÓNS EXPRESAS**

O Adxudicatario non poderá impedir a execución dos demais aproveitamentos, distintos dos a el adxudicados, nin a dos traballos de mellora ou de calquera índole que no mesmo se realicen pola propiedade. Igualmente deberase respectar as servidumes que estean establecidas.

Non poderá o Adxudicatario aproveitar as árbores, arbustos ou matogueiras non incluídos no aproveitamento forestal adxudicado, nin sequera para utilizalos en traballos complementarios a este.

Está terminantemente prohibido prender lume no monte en épocas de risco de incendio. Fóra das épocas de risco, estarase ao disposto na lexislación de incendios, e en especial respecto a autorizacións e comunicacións de queima.

Queda prohibida, consonte o apartado do artigo 128 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, a alteración de sinais de amolloamento que delimiten o monte.

Queda prohibida, a sinalización mediante a acción de cravar ou esgazar con calquera elemento, manual ou mecánico, as árbores que non sexan obxecto de aproveitamento (artigos 88 e 128 da Lei 7/2012 de montes de Galicia).

### XESTIÓN DE RESIDUOS

Queda prohibida a acumulación incontrolada de residuos (latas de aceite, latas de combustible, plásticos, etc.), debendo proceder o Adxudicatario a retirar todo tipo de residuos que xere e a deixar o monte e as vías de acceso nas mesmas condicións que estaba antes do aproveitamento, así mesmo, adoptaranse as medidas necesarias para evitar a contaminación de ríos, regatos, lagos e calquera depósito ou fonte de auga.

No caso de producirse residuos perigosos, deberán respectar as seguintes indicacións: os residuos perigosos non se poden mesturar con outros residuos, tampouco entre eles. Débense eliminar a través da persoa xestora de residuos autorizada. Se se mesturan coa terra, extraerase a capa afectada, almacenarase no seu correspondente contedor/bolsa e tratarase como residuo perigoso.

O incumprimento de calquera das condicións anteriores será causa suficiente para declarar a resolución do contrato establecido en virtude da adxudicación definitiva mediante contrato de venda que se estableza.

### SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

No ámbito dos traballos planeados empregarase persoal especializado no ámbito forestal para a planificación, execución e control das actuacións.

Deberase cumprir coa lexislación vixente en materia de riscos laborais, posuíndo, os operarios que traballen no monte ou parcela forestal, os equipos de seguridade homologados, a formación adecuada e demais requirimentos durante a execución das actividades forestais.

### INCUMPRIMENTOS E PENALIZACIÓNS

En caso de incumprimento por parte do ADXUDICATARIO, darase automaticamente por resolto o mesmo, independentemente do estado do aproveitamento, debendo o comprador abandonar as leiras correspondentes ó lote, sen dereito a indemnización algunha, nin devolución de importes anticipados, e respondendo dos danos e prexuízos que se puidesen ocasionar.

No caso de que ao finalizar o aproveitamento, non se entreguen os camiños no seu estado orixinal penalizarase ao ADXUDICATARIO co importe necesario para a súa reposición inicial, para o que a parte PROPIETARIA entregará factura do gasto ocasionado, que será abonada a este por parte do ADXUDICATARIO.

No caso de **incumprimento dos prazos de execución**, a penalización que se poderá aplicar será de **100 euros por día hábil** contados a partir do día seguinte de finalización do contrato ou se é o caso das prórrogas aprobadas, ata que se retire toda a madeira obxecto do contrato ou ata que se comunique a finalización do aproveitamento.

No caso de **desistir do aproveitamento**, unha vez firmado o contrato, ben por finalización do contrato ou ben por abandono do mesmo (independentemente se quedou sen aproveitar ou aproveitado en parte), o ADXUDICATARIO perderá o dereito de reclamar a devolución de calquera tipo de importe e perderá o dereito do aproveitamento da madeira non aproveitada, ademais o propietario estará no dereito de aplicar unha **indemnización por valor do 20% do importe de adxudicación**, en concepto de prexuízos ocasionados.

### RESOLUCIÓN DO CONTRATO

A resolución do contrato darase por incumprimento das obrigacións contraídas ó asinar este prego tanto por parte do contratista como das correspondentes subcontratas.

A vulneración ou a falta de colaboración poderán dar por resolto o contrato, que en todo caso serán advertidas por escrito e na que se establecerá un prazo de emenda, tralo cal, de non subsanarse, dará por resolto o contrato.

### PROTECCIÓN DE DATOS

Cumprirase por parte das empresas e técnicos partícipes da plataforma, así como o titular da propiedade, cumprirán, en todo momento, o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento ou en calquera acto legislativo que anule e substitúa estas normas. En particular, comprométense a non utilizar os datos de carácter persoal obtidos da outra parte ou aqueles a os que tivese acceso por outro medio, con fin distinto ao que figura no presente Contrato, nin a cedelos, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.

Así mesmo, as entidades integradas nesta plataforma, manifestan dispor das medidas técnicas e organizativas necesarias e adecuadas, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso como consecuencia da súa relación coa Propiedade e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

Conformidade do  
Adxudicatario

Propiedade

Persoal técnico

Asdo.

Asdo.

Asdo.